



REGULAMENTO ELECTORAL PARA A ELECCIÓN A MEMBROS DA ASEMBLEA XERAL, PRESIDENTE E COMISIÓN DELEGADA DA FEDERACIÓN GALEGA DE TENIS

Capítulo I. Disposicións xerais.

Artigo 1. Obxecto da normativa.

O presente regulamento electoral ten por obxecto regular o proceso de elección dos órganos de goberno: Asemblea Xeral, Presidente e Comisión Delegada, da Federación Galega de Tenis con representatividade durante o período electoral 2026 a 2029.

Artigo 2. Celebración de eleccións.

A Federación Galega de Tenis procederá á elección da súa Asemblea Xeral, Presidente e Comisión Delegada no ano 2026. O calendario electoral será o indicado no anexo a convocatoria das eleccións, calendario que será aprobado pola Secretaría Xeral para o Deporte xunto co regulamento electoral. Os sobres e papeletas serán os establecidos no anexo deste regulamento.

Establécese como horario de apertura ao público da sede federativa durante o proceso electoral o seguinte: de luns a venres de 9:00 a 13:30 h.

Artigo 3. Do Regulamento electoral.

Este regulamento electoral é o conxunto de normas que regula a celebración do proceso electoral da Federación Galega de Tenis

A Secretaría Xeral para o Deporte resolverá, no prazo máximo dun mes, desde a entrada do regulamento no seu rexistro, sobre a súa aprobación ou a súa devolución para emendas.

Neste último suposto, indicaranse estas e concederanse dez días hábiles para proceder á dita emenda. Transcorrido un mes sen que a Secretaría Xeral para o Deporte dite ningunha resolución se entenderá aprobado o regulamento.

No caso de ser necesaria a subsanación de emendas, indicaranse as mesmas e se concederán dez días hábiles para proceder a dita corrección.



Unha vez feitas estas modificacións, o novo regulamento presentarase á Secretaría Xeral para o deporte para a súa ratificación definitiva.

Unha vez aprobado o regulamento pola Secretaría Xeral para o Deporte, esgotarase a vía administrativa e unicamente poderá ser obxecto de recurso contencioso administrativo.

O regulamento electoral, será publicado no taboleiro de anuncios da Federación Galega de Tenis e na páxina web da Federación Galega de Tenis (www.fgtenis.net) no apartado “PROCESO ELECTORAL 2026”

Capítulo II. Órganos electorais.

Artigo 4. Comisión xestora. Composición duración e funcións

1. Unha vez convocadas as eleccións, a xunta directiva da federación entenderase disolta, asumindo as súas funcións unha comisión xestora.
2. A comisión xestora estará formada por un número de oito persoas membros máis unha presidencia, e a súa distribución será a seguinte:
 - a) Catro persoas elixidas pola comisión delegada ou, en caso de non existir esta, pola asemblea xeral; deberán ter representación os estamentos de entidades deportivas, persoas deportistas, xuíces/as e adestradores/as.
 - b) Catro persoas designadas pola xunta directiva antes da súa disolución ou, se é o caso, pola persoa titular da presidencia da federación, entre as cales se deberán incluír as persoas que exerzan as funcións de secretaría e tesouraría da federación deportiva galega.
 - c) A presidencia da comisión xestora corresponderá a quen presida a federación galega ou, cando cese na dita condición ao finalizar o seu mandato, cando renuncie ao posto, cando prospere unha moción de censura ou cando presente a candidatura, a quen sexa elixida para tal función por e entre as que integren a comisión xestora.
3. As persoas que presenten a súa candidatura para formar parte dos órganos de goberno e representación da Federación non poderán ser membros da comisión xestora, debendo cesar en dita condición ó presentar a candidatura en cuestión.



4. A comisión xestora entenderase extinguida unha vez tomen posesión todos os membros dos órganos de goberno da Federación Galega de Tenis.

5. A comisión xestora será o órgano encargado de administrar e xestionar a Federación durante o proceso electoral, non poderán realizar actos que directa ou indirectamente, mediata ou inmediatamente, induzan ou condicionen o sentido do voto dos electores, e deberán observar os principios de obxectividade, transparencia do proceso electoral e igualdade entre os actores electorais. Estas accións serán aplicables á actividade desenvolvida polo persoal da federación e polos restantes órganos federativos durante o proceso electoral.

6. Se por circunstancias ou incidencias xurdidas durante o proceso electoral a finalización do mesmo se demorase en exceso, dificultando, comprometendo ou poñendo en risco o desenvolvemento ordinario da actividade deportiva da Federación, a comisión xestora, coa supervisión e autorización da Secretaría Xeral para o Deporte, poderá adoptar as medidas imprescindibles para evitar dita situación.

Artigo 5. Da xunta electoral. Composición e duración Funcións.

1. Constituirase unha única xunta electoral que será o órgano encargado e de control das eleccións. Deberá resolver en primeira instancia as reclamacións que se presenten contra toda decisión adoptada no proceso electoral, agás a convocatoria das eleccións e a adopción do acordo polo que se aproba o regulamento electoral que unicamente poderá ser obxecto de recurso directamente ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.

2. A xunta electoral estará integrada por tres membros titulares e tres suplentes, elixidos por sorteo na asemblea xeral, entre as persoas que presenten a súa candidatura a membros da xunta electoral. As candidaturas deberanse presentar na mesma asemblea na que se celebre a súa elección, podendo estar os candidatos presentes na mesma, e debendo acreditar estes o cumprimento dos requisitos sinalados ao efecto.

As súas reunións celebraranse na sede federativa ou por medios telemáticos tantas veces sexa necesario e ás súas decisións serán publicadas no taboleiro de anuncios e na web da Federación na sección “PROCESO ELECTORAL 2026”. As persoas integrantes da xunta electoral poderán ser validamente convocadas para que a sesión se celebre en varios lugares simultaneamente sempre



que os medios técnicos permitan o normal desenvolvemento da sesión e o respecto dos dereitos das persoas membros.

3. As persoas candidatas a membros da xunta electoral deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser maior de 18 anos.
- b) Ter, cando menos, o título de bacharelato superior ou equivalente.
- c) Non formar parte dos órganos de goberno da federación, nin da comisión xestora nin ostentar postos directivos na federación.
- d) Non presentarse como candidato a membro da asemblea xeral. No suposto de presentarse como candidato a membro da Asemblea xeral ou á presidente da federación cesará no seu posto na xunta electoral e será substituído polo suplente.
- e) Non estar cumprindo sanción disciplinaria firme ou sanción administrativa firme en materia deportiva que comporte sanción de inhabilitación para ocupar cargos nunha organización deportiva.
- f) Aceptar expresamente o cargo de membro da xunta electoral.

4. Poderán ser candidatas a membros da xunta electoral as persoas que non teñan a condición de federada ou de membro da asemblea.

5. Os membros da xunta electoral elixirán entre eles ás persoas que desempeñen a presidencia e a secretaría da mesma. No seu defecto, ostentará a presidencia da xunta electoral o membro elixido de entre eles de maior idade e a secretaría o de menor idade.

6. A xunta electoral constituirase no prazo máximo de dous días hábiles desde a data da convocatoria do proceso electoral.

7. Ao día seguinte da constitución da xunta electoral, a persoa que ocupe a secretaría desta enviará á Secretaría Xeral para o Deporte a relación de persoas que constitúen a xunta electoral.



8. O mandato dos membros da xunta electoral será ata a convocatoria do seguinte proceso electoral, e as eventuais vacantes que se produzan serán cubertas polo mesmo procedemento e cunha duración polo tempo restante ata a convocatoria do seguinte proceso electoral.

9. Son funcións da xunta electoral:

a) Velar polo axustamento a dereito do proceso electoral dos órganos de goberno e representación federativos.

b) Organizar os procesos das eleccións para a asemblea xeral e presidente da federación, segundo o disposto neste regulamento electoral.

c) Designar as mesas electorais de conformidade co previsto neste regulamento electoral.

d) Proclamar as candidaturas a membros da asemblea xeral e a presidencia que reúnan os requisitos esixidos.

e) Garantir a exposición de censos, candidaturas e outros documentos segundo se estableza neste regulamento electoral.

f) Coñecer e pronunciarse, en primeira instancia, sobre as reclamacións que se presenten en materia electoral. A xunta electoral esta obrigada a resolver expresamente e no prazo concedido ao efecto todas as reclamacións que se formulen.

g) Custodiar a documentación correspondente a todo o proceso electoral, excepto o que non lle corresponda do procedemento do voto por correo, ata a súa finalización que será cando remate o prazo para a impugnación da toma de posesión da presidencia da federación.

h) En xeral, cantas facultades lle sexan atribuídas por este regulamento electoral.

2. As decisións da xunta electoral tomaranse por maioría de votos, non sendo admisible a abstención.

3. A asistencia á xunta electoral é obrigatoria salvo ausencia xustificada.



Capítulo III. Das persoas electoras e elixibles á Asemblea Xeral.

Artigo 6. Das persoas electoras e elixibles á Asemblea Xeral.

1. Poderán ser persoas electores e elixibles á asemblea xeral:

a) Nos estamentos constituídos por persoas deportistas, persoas que ostenten a condición de xuíces/árbitros, e técnicos/adestradoras, as persoas que reúnan os seguintes requisitos:

1º Ser maior de idade na data de celebración das votacións.

2º Ter licenza federativa en vigor pola correspondente federación deportiva galega na data de convocatoria das eleccións e as dúas tempadas anteriores á da celebración das eleccións.

3º. Ter participado nas tempadas 2024 e 2025, ou, para o caso de modalidades deportivas con tempadas anuais, nas tempadas 2024 e 2025 nunha competición deportiva oficial celebrada en alomenos dúas tempadas.

Este requisito non será esixido para o caso das persoas que ostenten a condición de xuíces e árbitros.

No caso de que, por causa de forza maior, non se tivesen realizado competicións deportivas oficiais no período indicado anteriormente, abondará con ter participado nunha competición deportiva oficial na tempada do último calendario oficial desenvolvido.

4º Nas modalidades ou especialidades deportivas en que a actividade deportiva non ten carácter competitivo, será suficiente con ser maior de idade na data de celebración das votacións e ter licenza federativa en vigor pola correspondente federación deportiva galega na data de convocatoria das eleccións e desde xaneiro do ano anterior ao da celebración das eleccións.



Ademais dos anteriores requisitos, comúns para ser elector e elixible, constitúe requisito específico de elixibilidade nestes estamentos que se trate de persoas que non estean inhabilitadas para ocupar cargos directivos ou de representación no ámbito deportivo por resolución firme na vía administrativa ditada polo órgano disciplinario competente, nin estar inhabilitadas para o desempeño de cargo público ou de representación por sentenza xudicial firme.

b) No estamento de entidades deportivas, as que reúnan os seguintes requisitos:

1º Inscrición desde o mes de xaneiro dos dous anos anteriores ao de celebración das eleccións na federación correspondente e no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.

2º Participación nas tempadas 2024 e 2025 nunha competición deportiva oficial alomenos en dúas tempadas..

No caso de que, por causa de forza maior, non se tivesen realizado competicións deportivas oficiais no período indicado anteriormente, abondará con ter participado nunha competición deportiva oficial na tempada do último calendario oficial desenvolvido.

Ademais dos anteriores requisitos, comúns para ser elector e elixible, non serán elixibles as entidades deportivas filiais ou dependentes que teñan esta consideración segundo os estatutos ou normas da federación correspondente. A efectos electorais equipararanse a estas entidades as que, a pesar de ter estruturas independentes, compartan a lo menos un 50% das súas licenzas.

2. Entenderanse como competición deportiva oficial a incluída como tal no calendario oficial da respectiva federación deportiva de Galicia ou a así cualificada polo órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte. Tamén terán esta consideración as competicións estatais e internacionais oficiais da respectiva federación española ou internacional ás cales a federación galega de Tenis estea adscrita.



3. Os membros da federación que pertencen a dous ou máis estamentos no censo provisional, deberán optar por un deles, mediante escrito ante a xunta electoral que deberá cursarse no período de reclamacións ao censo. O criterio para identificar aos electores nun único estamento, no caso de non existir a proposta individual, será a súa inclusión no censo correspondente de acordo coa seguinte orde de prelación: 1º persoas deportistas, 2º técnicos/as, 3º árbitros/as.

4. Poderán ter a condición de elixibles aquelas persoas físicas e xurídicas que atopándose sancionada por un procedemento disciplinario deportivo, a sanción non comporte a inhabilitación da condición de elixible.

5. A efectos destas eleccións, a licenza federativa única expedida pola federación galega de Tenis terá a mesma validez que a licenza federativa galega. No caso de persoas electoras que cumprindo os requisitos establecidos no presente artigo, dispoñan dunha licenza federativa única expedida por unha federación distinta da galega, deberán solicitar por escrito, dirixido á xunta electoral, a súa intención de participar no proceso electoral no prazo establecido neste regulamento referente o censo electoral inicial.

Artigo 7. Das persoas electoras e elixibles á presidencia da federación e á comisión delegada.

1. Poderán ser electoras á presidencia da federación e á comisión delegada as persoas assembleístas que resulten elixidos nas eleccións do ano 2026.

2. Poderán ser elixibles para a presidencia da federación as persoas que cumpran, na data de celebración da elección, os seguintes requisitos:

a) Ser maior de idade e presentar unha candidatura avalada, como mínimo, polo 10% dos membros da asemblea, non sendo necesario que a persoa que presente a candidatura teña a condición de assembleísta nin de afiliada á federación deportiva correspondente.

b) Non estar inhabilitada para ocupar cargos directivos ou de representación no ámbito deportivo por resolución firme na vía administrativa ditada polo órgano disciplinario competente, nin estar inhabilitadas para o desempeño de cargo público ou de representación por sentenza xudicial firme.



c) Non ter sido condenado por delitos contra á facenda pública estatal ou autonómica galega nin contra a Seguridade Social, o que se acreditará mediante a presentación da correspondente declaración pola persoa interesada.

3. Poderán ser elixibles para a comisión delegada as persoas físicas (persoas deportistas, adestradores/as e xuíces/as árbitros/as) e xurídicas (entidades deportivas) que teñan a condición de membro da asemblea xeral na data da celebración da elección.

Capítulo IV. Dos censos electorais.

Artigo 8. Do Censo electoral.

Elaboraranse tres censos electorais:

- a) Censo inicial.
- b) Censo provisional.
- c) Censo definitivo.

O censo electoral estará ordenado alfabeticamente por apelidos e nome e, de ser o caso, en listas separadas por especialidades deportivas, polos distintos estamentos deportivos de cada federación e por circunscrición electoral.

O censo electoral incluírá as persoas deportistas, técnicos/as adestradores/as, xuíces/as e árbitros/as e entidades deportivas inscritas na federación e no rexistro de entidades deportivas de Galicia (en listas diferentes), que reúnan os requisitos para ser electores, de acordo co establecido no artigo 6º do presente regulamento.

Nos caso de persoas deportistas, persoas que ostenten a condición de adestradoras/técnicos, árbitros/xuíces incluírán os seguintes datos: nome, apelidos, sexo, enderezo, correo electrónico, número de licenza federativa, número de DNI, pasaporte ou, se é o caso, de autorización de residencia (só aparecerán os catro últimos números), club, e no seu caso sección deportiva de pertenza, e consideración de deportistas de alto nivel e, cando así proceda, especialidade deportiva. No caso das persoas deportistas e técnicas, o enderezo e o correo electrónico para estes efectos será o do seu club ou o que estas indiquen expresamente para o efecto.



Para as entidades deportivas: nome, denominación ou razón social, enderezo, número de inscrición no rexistro de entidades deportivas de Galicia, correo electrónico así como a identificación e sexo da persoa representante legal que exercerá o dereito a voto e, cando así proceda, especialidade deportiva. Neste censo figurará como representante a persoa que ostenta a presidencia de cada entidade deportiva, agás que a representación recaia nunha persoa da xunta directiva, o que deberá acreditarse mediante certificado expedido polo rexistro de entidades deportivas de Galicia.

En relación con outros colectivos interesados, se os houber, aplicaranse as regras previstas nas alíneas anteriores segundo sexan persoas físicas ou xurídicas, respectivamente.

O tratamento e publicación dos datos contidos no censo terá por exclusiva finalidade garantir o exercicio polos electores do seu dereito de sufraxio, e garantir a transparencia do proceso electoral; non será posible a súa utilización nin cesión para ningunha finalidade distinta daquela. Queda prohibida calquera información particularizada sobre os datos persoais contidos no censo electoral. En todo caso, será de aplicación o previsto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro de Protección de datos Personales y garantía de los derechos digitales.

a) Censo electoral inicial.

Nos dous primeiros meses do ano 2026, a Federación Galega de Tenis elaborará un censo electoral inicial por cada estamento e especialidade (se existen), por clubs, persoas deportistas, técnicos/as e árbitros/as e, se e o caso, outros colectivos previstos nos seus estatutos.

Este censo inicial será exposto publicamente no taboleiro de anuncios da federación e nas súas delegacións, así como na paxina web da federación na sección denominada “PROCESO ELECTORAL 2026 durante dez días naturais para os efectos de que as posibles persoas electoras poidan presentar aclaracións, rectificacións ou reclamacións dentro do mesmo prazo, mediante escrito remitido á xunta directiva, que valorará os escritos presentados e procederá, se é o caso, á emenda ou corrección do censo electoral inicial no prazo de cinco días naturais. Para o caso de que exista estamento de organizadores, o listado incluirá, no seu caso, o nome do organizador da competición se non fose a propia federación deportiva galega.

Neste prazo, as entidades deportivas poderán solicitar que figure como representante delas no censo e como votante na elección de membros da asemblea xeral unha persoa distinta á presi-



dencia, sempre que sexa membro da xunta directiva da entidade, condición que deberá acreditar mediante certificado expedido polo Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.

Rematados os prazos anteriores, remitirase o censo electoral inicial xunto coas aclaracións, rectificacións ou reclamacións á Secretaría Xeral para o Deporte, no prazo de dez días hábiles e en soporte informático apto para tratamento de textos e datos, e irá acompañado dunha relación das competicións oficiais de acordo cos calendarios deportivos oficiais aprobados da tempada do ano en que se celebran as eleccións e as dos catro anos anteriores. No caso de que, por causa de forza maior, non se tivesen realizado competicións deportivas oficiais nos períodos indicados anteriormente, remitirase a relación de competicións oficiais na tempada do último calendario oficial desenvolvido.

A Secretaría Xeral para o Deporte, no prazo máximo de dez días hábiles, emitirá un certificado no caso de que as entidades non figuren inscritas no Rexistro de entidades deportivas de Galicia ou as competicións non estean incluídas no calendario deportivo oficial.

b) Censo electoral provisional.

A xunta directiva da federación galega de Tenis, á vista do certificado da Secretaría Xeral para o Deporte, dará de baixa no censo inicial ás entidades deportivas galegas non inscritas no Rexistro de entidades deportivas de Galicia, así como non terá en consideración as competicións non incluídas no calendario deportivo oficial, formulando o censo electoral provisional.

O censo electoral provisional publicarase simultaneamente coa convocatoria electoral e deberá ser remitido pola secretaría da federación á xunta electoral no prazo máximo de catro días hábiles desde a convocatoria.

Será exposto publicamente no taboleiro de anuncios da federación así como na páxina web da federación na sección “PROCESO ELECTORAL 2026” por un prazo de dez días, dentro do cal se poderán presentar as reclamacións que se consideren oportunas ante a xunta electoral.

Rematado o prazo de exposición pública, a xunta electoral resolverá expresamente as reclamacións no prazo de cinco días hábiles. Transcorrido ese prazo sen resolución expresa, entenderase desestimada a reclamación formulada.

Contra a resolución das reclamacións ao censo electoral provisional poderá interpoñerse, nun prazo máximo de tres días hábiles a contar desde o día seguinte a recepción da notificación da



resolución da reclamación se esta é expresa ou transcorrido o prazo máximo para resolver, recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva, que deberá resolver nun prazo de cinco días hábiles. As resolucións que, en aplicación da potestade sancionadora, dite o Comité de Xustiza Deportiva poñen fin á vía administrativa, e poderase recorrer contra elas directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo de poder facer uso potestativo do recurso administrativo de reposición ante o mesmo Comité e nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.»

c) Censo electoral definitivo.

Una vez resoltos os recursos contra o censo electoral provisional, no caso de terse presentado, ou de non existir estes, a Xunta electoral elevará, no día hábil seguinte, o censo electoral provisional a definitivo, sen que caiba impugnación posterior.

O censo electoral definitivo será exposto nos mesmos lugares e da mesma forma que o censo provisional e será exposto ata o día da votación á asemblea xeral.

3. Aprobado o censo electoral definitivo a xunta electoral deberá aprobar, no su caso, os cambios que se deban facer na distribución inicial do número de representantes asignado a cada circunscrición electoral por especialidade e por estamento, cando os ditos cambios veñan impostos polas variacións ou modificacións do censo electoral provisional. Contra esta resolución da xunta electoral poderá interpoñerse, no prazo de tres días hábiles recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva que deberá resolver no prazo de cinco días hábiles.

Capítulo V. Das mesas electorais.

Artigo 9. Mesas electorais.

Para a celebración das votacións constituiranse tres tipos de mesa electoral:

a) Mesa electoral para a votación a candidaturas da asemblea xeral da Federación Gallega de Tenis.

b) Mesa electoral de voto por correo.

c) Mesa electoral para a votación á presidencia da Federación Gallega de Tenis .

1. Mesa electoral para a votación a persoas candidatas da asemblea xeral:



a) En cada circunscrición electoral constituirase unha única mesa electoral para a elección dos membros da asemblea no día fixado no calendario electoral para a celebración das votacións. O horario de apertura das mesas será o seguinte: de 10:00 a 20:00 horas. Ubicaranse nos seguintes lugares:

- Na provincia de A Coruña: Sporting Club Casino Coruña. Real, 83-85. 15003 A Coruña.
- Na provincia de Lugo: Club Fluvial de Lugo Rúa Fermín Rivera, s/n, 27004 Lugo
- Na provincia de Ourense. Club Tenis Santo Domingo, A Derrasa, s/n, 32792, Pereiro de Aguiar
- Na provincia de Pontevedra. Sede da Federación Galega de Tenis: Rúa Fotógrafo Luis Kasado nº 17, Bajo Oficina 1, de Vigo.



- b) As mesas electorais estarán compostas por tres membros titulares (un presidente, un secretario e un vogal) e tres suplentes destes, elixidos por sorteo pola xunta electoral entre os integrantes do censo definitivo; o devandito sorteo realizarase o primeiro día hábil seguinte ao da publicación do censo definitivo, ás 12:00 horas, na sede da propia xunta electoral. Serán presidente e secretario os membros de maior e menor idade respectivamente. A asistencia á mesa electoral é obrigatoria salvo causa xustificada que deberá ser autorizada pola xunta electoral. As persoas propostas deberán aceptar esta designación no prazo de dous días hábiles seguintes, agás causa xustificada e documentada que lles impida a aceptación do cargo. Non poderán formar parte da mesa electoral as persoas candidatas á elección de membros da asemblea xeral.
- c) Así mesmo, para cada mesa electoral, os candidatos poden nomear interventores, entre quen desempeñe a condición de elector, que serán identificados ante a xunta electoral con antelación non inferior a 24 horas do día de celebración das respectivas votacións. A xunta electoral expedirá a correspondente acreditación.
- d) Os interventores poderán participar nas deliberacións da mesa, con voz pero sen voto, así como solicitar á mesma certificacións e formular ante ela protestas, todo iso sen prexuízo da lexitimación que lles corresponde conforme aos artigos 19 e 20 deste regulamento.

2. Mesa electoral de voto por correo

A xunta electoral de cada federación deportiva designará unha mesa electoral do voto por correo que adecuará o seu funcionamento e obrigas ao disposto nos artigos 24 e 25 do presente decreto coas seguintes peculiaridades:

- a) A súa sede será a da Secretaría Xeral para o Deporte.
- b) Constituirase ás 16.00 horas do día seguinte hábil á data de celebración da votación presencial. A persoa que asuma as funcións de secretario da xunta electoral deberá achegar a esta mesa electoral o censo definitivo coa indicación das persoas que exercerán o voto presencialmente, coa finalidade de garantir que non se computen os votos por correo que puidesen emitir as ditas persoas.



c) Formará parte da mesa, ademais, como vogal, unha persoa que teña a condición de empregada pública designada pola persoa responsable da Secretaría Xeral para o Deporte. No suposto de empates o voto do Presidente será dirimente.

3. Da mesa electoral para a votación á presidencia de cada federación

- a. A mesa electoral para a votación á presidencia de cada federación constituirase o día da votación na Escola Galega de Administración Pública en Santiago de Compostela, e adecuará o seu funcionamento, obrigas e función ao disposto no apartado I) deste artigo.
- b. A mesa electoral estará composta por tres persoas: unha presidencia, unha secretaría e unha vogalía, elixidas por sorteo entre as persoas assembleístas, conforme o disposto no regulamento electoral. O sorteo será realizado pola xunta electoral na sede da federación, sita en Fotógrafo Luis Ksado, 17 baixo oficina 1 de Vigo, comunicarese coa debida antelación na páxina web na sección procesos electorais o día e hora do sorteo.
- c. Exercerán a presidencia e a secretaría os membros de maior e menor idade desta mesa electoral, respectivamente. Así mesmo, e ata que conclúa a elección da presidencia da federación deportiva, exercerán as funcións da presidencia e secretaría da asemblea xeral da federación.
- d. Non poderán formar parte da mesa electoral regulada neste artigo as persoas candidatas á presidencia da federación deportiva. A aceptación da condición de membro da mesa electoral implica a renuncia a presentar candidatura á presidencia da federación deportiva.
- e. Primeiro elixerase o presidencia da federación e a continuación procederase a elección dos membros que correspondan da comisión delegada da federación entre os candidatos de cada estamento polos membros assembleístas de cada un deles.
- f. Unha vez constituídos todos os órganos reitores da federación e disoltas as mesas electorais.



Son competencias da mesa electoral:

- a) Comprobar a identidade dos votantes.
- b) Recoller a papeleta de voto e depositala na urna pechada e preparada aos efectos.
- c) Proceder á contaxe de votos.
- d) Levantar acta dos votos emitidos, resultados, e calesquera outras incidencias. así como das incidencias e reclamacións se as houber, facendo constar o número de votos obtidos por cada candidato.

O acta será subscrita por todos os membros da mesa electoral, así como polos interventores, se os houber, remitíndose posteriormente á xunta electoral, que deberá garantir a súa exposición pública mediante a publicación no taboleiro de anuncios e na páxina web www.fgtenis.net.

Os membros das mesas electorais constituídas para a elección dos membros da asemblea xeral percibirán unha indemnización de 60,00 € co obxecto de sufragar os posibles gastos ocasionados.

Artigo 10. Das persoas interventoras.

1. Por cada mesa electoral, as persoas candidatas poden nomear interventoras da súa candidatura a calquera persoa maior de idade que serán identificadas ante a xunta electoral cunha antelación non inferior a tres días do día de realización das respectivas votacións.

Correspóndelle á xunta electoral expedir a correspondente acreditación como interventora.

2. As interventoras poderán participar nas deliberacións da mesa, con voz pero sen voto, así como solicitarlle certificacións e formularlle protestas, todo iso sen prexuízo da lexitimación que lles corresponde para presentar recursos ante a xunta electoral e o Comité Galego de Xustiza Deportiva.

3. A Secretaría Xeral para o Deporte poderá designar, entre o seu persoal, a observadores nas mesas electorais coa función de comprobar o desenvolvemento das votacións, debendo emitir un informe do observado na xornada de votación.



Capítulo VI. Do proceso electoral.

Artigo 11. Convocatoria.

1. A convocatoria das eleccións será feita polo Presidente da Federación Galega de Tenis, conforme a este regulamento electoral, aprobado pola Secretaría Xeral para o Deporte.
2. Simultaneamente á convocatoria de eleccións, a xunta directiva disolverase, constituíndose en comisión xestora que non poderá realizar mais que actos de mera administración e trámite.
3. A convocatoria de eleccións publicárase no taboleiro de anuncios da sede da federación así como na páxina web www.fgtenis.net na sección “PROCESO ELECTORAL 2026”. Esta publicación será avalada, mediante certificación da Secretaria Xeral da Federación Galega de Tenis e será exposta xunto coa documentación referida neste artigo.

. A notificación da convocatoria de eleccións conterá cantos datos se precisen para o correcto desenvolvemento do proceso electoral, e sinaladamente:

- a) O calendario electoral.
 - b) O censo electoral provisional.
 - c) A distribución do número de persoas membros da asemblea xeral por especialidades, estamentos e circunscricións electorais que deberá reflectir a distribución inicial establecida no regulamento electoral do número de representantes asignado a cada circunscrición por especialidade e por estamento.
 - d) A data de celebración e o horario das votacións.
 - e) Os modelos oficiais de sobres e papeletas de acordo co anexo I do presente decreto.
 - f) O regulamento electoral.
 - g) O procedemento e os prazos para o exercicio do voto por correo.
 - h) A forma de remisión da documentación á xunta electoral.
 - i) A composición nominal da xunta electoral e os prazos para a súa recusación, así como o enderezo, número de fax e enderezo electrónico da xunta electoral.
4. O acto da convocatoria poderá ser impugnado ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva nun prazo de tres (3) días hábiles desde a data da súa completa publicación.

Artigo 12. Calendario electoral.



1. O calendario electoral para a elección dos membros dos órganos reitores da federación respectará os prazos, obrigas e prohibicións establecidos no decreto regulador dos procesos electorais das federacións deportivas galegas.
2. O calendario electoral se publicará como anexo a convocatoria do proceso electoral.
3. Os prazos deste calendario para a presentación de escritos, reclamacións e recursos, cando estean sinalados por días, entenderase días hábiles e expirarán ás 14:00 horas do derradeiro día de prazo, salvo disposición en contrario. Se o día final do prazo coincide con día inhábil de carácter autonómico ou estatal, ou cun día no que non estean abertas as dependencias da federación en aplicación do convenio colectivo dos traballadores de entidade, entenderase que remata o día hábil inmediato seguinte.

Artigo 13. Circunscricións electorais.

1. Os representantes dos estamentos de adestradores e de xuíces-árbitros pertencerán a unha circunscrición única, correspondente á totalidade do territorio galego.

Os representantes dos estamentos de clubs deportivos e persoas deportistas distribuiranse, para cada elección a membros da Asemblea Xeral en circunscricións provinciais. A distribución provincial efectuarase automaticamente tomando como base as proporcionalidades existentes, entre o total autonómico de electores e elixibles e o correspondente a cada provincia. Nestes casos cada provincia deberá ter cando menos un representante por cada un destes dous estamentos se o número de membros establecido para cada un deles o permite.

2. Cando o número de candidatos de calquera estamento coincida ou sexa inferior ao número de membros que hai que elixir non será necesaria a celebración de eleccións polo que a ese estamento se refire, dando continuidade ao procedemento electoral.

No caso de que nalgún estamento da asemblea houbera máis dun 20% de vacantes, unha vez rematado o proceso electoral e no prazo máximo de 3 meses, o presidente procederá á convocatoria parcial de eleccións para cubrir as vacantes, sen que esta nova convocatoria parcial afecte aos xa elixidos.

Sección 5ª. Da campaña electoral

Artigo 14. Da campaña electoral.



1. Entendese por campaña electoral o conxunto de actividades lícitas levadas a cabo polas persoas candidatas encamiñadas á captación de sufraxios.

2. A campaña electoral iniciarase ás 00:00 horas do día posterior á proclamación definitiva de candidaturas e rematará ás 00:00 horas do día inmediatamente anterior á data fixada para a votación; desde este momento non se poderá realizar propaganda algunha en favor de ningunha candidatura.

Artigo 15. Papeletas e sobres.

1. As papeletas dos/das candidatos/as e os sobres de votación serán facilitados, en número suficiente, pola xunta electoral da federación á mesa electoral correspondente.

2. As papeletas confeccionaranse en cores diferentes para cada estamento que vaia obter representación na asemblea xeral.

Capítulo VII. Do sistema de elección a membros da asemblea xeral.

Artigo 16. Das listas abertas.

O sistema de votación para participar no proceso electoral a membros da asemblea xeral responderá ao sistema de listas abertas.

Artigo 17. Sistema de votación a membros da asemblea xeral.

1. Constituída a mesa electoral e na hora prevista, a presidencia da mesa electoral anunciará publicamente o inicio das votacións.

2. A votación a membros da asemblea realizarase en urnas separadas por estamentos. A votación desenvolverase sen interrupcións durante o horario que se fixe na súa convocatoria. Soamente por causa de forza maior poderán non iniciarse ou interromperse as votacións. En caso de suspensión da votación non se terán en conta os votos emitidos nin se procederá ao seu escrutinio. Neste caso, a xunta electoral fixará unha data para a nova votación.

3. O dereito de votar será acreditado pola inscrición no censo electoral definitivo. Para a súa identificación, o elector deberá presentar documento acreditativo da súa personalidade (DNI, pasaporte, tarxeta de residencia ou permiso de conducir con fotografía do titular). No caso das persoas xurídicas a representación corresponde exclusivamente á persoa que figura no censo electoral definitivo.



4. As perosas electoras poderán marcar na súa papeleta ata unha persoa candidata máis da que lles corresponde elixir a o estamento e ou circunscrición electoral a que pertence.

5. Pechadas as urnas procederase pola mesa electoral ao escrutinio dos votos, que será público. Rematado o escrutinio dos votos emitidos computaranse os que foran recibidos por correo, co que se efectuará o recuento definitivo e a proclamación de resultados, dos que se dará conta inmediatamente, mediante fax o correo electrónico, á xunta electoral.

A xunta electoral recopilará os resultados habidos en cada estamento e circunscrición, levantará acta dos mesmos e realizará a proclamación provisional dos membros da asemblea xeral que se publicará no taboleiro de anuncios da sede da Federación Galega de Tenis e na páxina web da mesma. Quedarán automaticamente proclamados como membros da asemblea xeral da Federación Galega de Tenis aqueles candidatos que obtivesen o maior número de votos, pola súa orde e ata o número de postos a cubrir por cada estamento e circunscrición. Se houbo empate entre diversos candidatos e non lle correspondese praza na asemblea a algún deles, e salvo que os interesados decidan entre sí, determinarase quen ou quenes ocuparán os postos correspondentes mediante sorteo realizado pola xunta electoral.

As actas correspondentes aos resultados das votacións e o censo electoral en que consten as persoas que exerceron o seu dereito a voto, serán remitidas pola secretaría á xunta electoral e á Secretaría Xeral para o Deporte antes da 16.00 horas do día hábil seguinte ao da votación.

6. Contra o acordó de proclamación provisional efectuado pola xunta electoral, poderá presentarse recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva no prazo de tres días hábiles que deberá resolver no prazo de tres días.

7. Finalizado o prazo para a interposición dos recursos ou, se é o caso, resoltos estes recursos, a proclamación de candidatos electos elevarase a definitiva. Os resultados definitivos publicaranse no taboleiro de anuncios da Federación Galega de Tenis e na súa páxina web.

8. Se un membro electo da Asemblea perdera a condición pola que foi elixido, causará baixa automaticamente naquela, procedéndose á súa substitución da seguinte forma:

- a) En primeiro lugar, o sustituto será o candidato que, polo mesmo estamento e circunscrición do que cause baixa, obtivese maior número de votos de entre os que non obtiveron praza na asemblea xeral. Se son varios co mesmo número de



votos, e de non haber acordo entre eles, procederase por sorteo.

b) Se polo sistema anterior non fose posible designar sustituto, este serao por elección entre tódolos compoñentes do estamento e circunscrición de que se trate. Nestes casos poderase dilatar tal elección parcial un prazo máximo de seis meses desde que ocorrese a vacante, a efectos de poder comprender naquela outras substitucións por novas baixas que se producisen con posterioridade.

Cando se produza calqueira baixa ou vacante, deberase dar conta da mesma, polos interesados ou polos propios órganos federativos, á xunta electoral, a cal actuará segundo proceda, conforme se indica no presente artigo con plenas facultades para decidir ó respecto, así como, no seu caso, para organiza-las posibles eleccións parciais, para proclama-los resultados e sustitutos elixidos.

Artigo 18. Composición da Asemblea xeral.

1. Número de membros da asemblea xeral será de 60:

CLUBS – SECCIÓN TENIS

| CIRCUNSCRICIÓN | Nº CLUBS |
|---------------------------|-----------|
| CIRCUNSCRICIÓN A CORUÑA | 13 |
| CIRCUNSCRICIÓN LUGO | 7 |
| CIRCUNSCRICIÓN OURENSE | 4 |
| CIRCUNSCRICIÓN PONTEVEDRA | 15 |
| TOTAL | 39 |

CLUBS – SECCIÓN TENIS PLAYA

| TENIS PLAYA | Nº CLUBS |
|--------------|----------|
| | 1 |
| TOTAL | 1 |

CLUBS – SECCIÓN TENIS SILLA

| TENIS SILLA | Nº CLUBS |
|--------------|----------|
| | 0 |
| TOTAL | 0 |



DEPORTISTAS- SECCIÓN TENIS

| CIRCUNSCRICIÓN | DEPORTISTAS |
|---------------------------|-------------|
| CIRCUNSCRICIÓN A CORUÑA | 4 |
| CIRCUNSCRICIÓN LUGO | 1 |
| CIRCUNSCRICIÓN OURENSE | 1 |
| CIRCUNSCRICIÓN PONTEVEDRA | 4 |
| TOTAL | 10 |

DEPORTISTAS- SECCIÓN TENIS PLAYA

| CIRCUNSCRICIÓN | Nº DEPORTISTAS |
|----------------|----------------|
| | 1 |
| TOTAL | 1 |

DEPORTISTAS- SECCIÓN TENIS SILLA

| TENIS SILLA | Nº DEPORTISTAS |
|--------------|----------------|
| | 1 |
| TOTAL | 1 |

DEPORTISTAS - DGAN

| DEPORTISTAS DGAN | Nº DEPORTISTAS |
|------------------|----------------|
| | 2 |
| TOTAL | 2 |

TÉCNICOS

| CIRCUNSCRICIÓN ÚNICA | Nº DE TÉCNICOS |
|----------------------|----------------|
| | 3 |
| TOTAL | 3 |

ÁRBITROS

| CIRCUNSCRICIÓN ÚNICA | Nº DE TÉCNICOS |
|----------------------|----------------|
| | 3 |
| TOTAL | 3 |



2. Os seus membros serán elixidos cada catro anos mediante sufraxio libre, igual, directo e secreto, salvo a singularidade prevista para o estamento de clubs, por e entre os compoñentes de cada estamento de conformidade co número e proporcións de representación que se establecen no presente regulamento.
3. Na asemblea xeral deberán estar representados todos os estamentos recoñecidos nos estatutos e integrados na federación e, cando menos, os clubs deportivos, os deportistas, os adestradores e os árbitros/xuíces.
4. A representación dos clubs corresponde ao seu presidente ou persoa que conforme estatutos lle corresponda. Esta representación acreditarase fidedignamente mediante certificación da inscrición do Rexistro de Entidades Deportivas e deportistas de Galicia na que figure expresamente os representantes legais da entidade.
5. Non cabe representación das persoas físicas.
6. Ningún membro da asemblea poderá desempeñar unha dobre representación nesta.
7. A Federación axustarase, no posible, nas súas actuacións ás recomendacións feitas pola Lei 7/2023, de 30 de Novembro, para la igualdad efectiva de mujeres y hombres de Galicia.

Artigo 19. Proporcionalidade na composición da Asemblea xeral.

1. A porcentaxe e composición de representación de cada estamento na asemblea xeral é:
 - a) Representantes de clubs: entre o 40% e 70% (40 membros)
 - b) Representantes de persoas deportistas: 20% e 40 % (14 membros, dos cales 2 deben de ter a consideración de deportista de alto nivel.)
 - c) Representantes de adestradores/as: 5% e o 20% (3 membros)
 - d) Representantes de xuíces/as : 5% e o 10 %
(3 membros)
2. A representación mínima do estamento de clubs na asemblea xeral da Federación Galega de Tenis deberá ser do 50% do censo definitivo de clubs.

En calquera caso todos os clubs deberán necesariamente cumprir os requisitos que para eles se establece no artigo 9 deste regulamento.



3. Cando o número de candidatos de calquera estamento coincida ou sexa inferior ao número de membros que hai que elixir non será necesaria a celebración de eleccións polo que a ese estamento se refire, dando continuidade ao procedemento electoral.

No caso de que nalgún estamento da asemblea houbera máis dun 20% de vacantes, unha vez rematado o proceso electoral e no prazo máximo de 3 meses, o presidente procederá á convocatoria parcial de eleccións para cubrir as vacantes, sen que esta nova convocatoria parcial afecte aos xa elixidos.

4. Unha vez aprobado o censo electoral definitivo de cada un dos estamentos, e tendo en conta o número de membros do estamento de entidades deportivas, a xunta electoral no prazo máximo de dous días hábiles fixará o número concreto de membros de cada estamento, segundo as porcentaxes e criterios establecidos neste regulamento electoral. Esta decisión da xunta electoral non é impugnabile e deberá ser notificada, no prazo de dous días, á Secretaría Xeral para o Deporte para a súa autorización ou modificación. A resolución da Secretaría Xeral para o Deporte porá fin á vía administrativa e contra ela poderase interpoñer recurso contencioso administrativo.

5. A conformación da representación do estamento de entidades deportivas na asemblea xeral da Federación Galega de Tenis debera respectar as regras do artigo 34.5 do Decreto que establece as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos selectivos electorais nas federacións deportivas galegas.

En calquera caso todas as entidades deportivas deberán necesariamente cumprir os requisitos que para eles se establece neste regulamento.

6. Cando o número de persoas candidatos de calquera estamento coincida ou sexa inferior ao número de membros que hai que elixir non será necesaria a celebración de eleccións polo que a ese estamento se refire, dando continuidade ao procedemento electoral.

Non obstante, no caso de que nalgún estamento da asemblea houbera máis dun 20% de vacantes, durante o período electoral dos catro anos, o presidente procederá, no prazo máximo de 3 meses, á convocatoria parcial de eleccións para cubrir as vacantes, sen que esta nova convocatoria parcial afecte aos xa elixidos.



Os clubs deberán estar incluídos no censo electoral definitivo.

Para os efectos de publicidade e posibles recursos observárase o disposto neste regulamento electoral respecto ao censo electoral.

Artigo 20. Das persoas candidatas a membros electos da asemblea xeral.

1. Poderá ser candidato a membro da asemblea xeral toda persoa física ou xurídica incluída no censo definitivo, e polo estamento e circunscrición no que estea incluída, sempre que o solicite persoalmente, por correo certificado ou por calquera outro medio que acredite fehacientemente en dereito a dita solicitude, ante a xunta electoral. Para a solicitude establécese un prazo de 3 días hábiles, a contar dende a publicación do censo definitivo.
2. A presentación de candidaturas efectuarase, mediante escrito asinado polo interesado e dirixido á xunta electoral, e no que o candidato deberá expresar o seu nome completo e o domicilio a efectos de comunicacións – incluíndo número de fax e correo electrónico no seu caso-, o estamento ao que presenta candidatura, e ademáis acompañará unha fotocopia do seu DNI.



Se non se indicara o domicilio e demás datos de contacto (fax, correo electrónico...) terase como válido a todos os efectos aqueles que figuren nos antecedentes da Federación Galega de Tenis.

3. Unha vez presentadas as candidaturas, a xunta electoral proclamará a lista provisional de candidatos facéndoa pública na páxina web www.fgtenis.net na sección «procesos electorais».

Haberá un prazo de 3 días hábiles para a presentación de posibles reclamacións ante a Xunta Electoral, que disporá de idéntico prazo para resolver.

4. Contra a resolución da xunta electoral poderá interpoñerse, no prazo de tres días, recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.

5. Unha vez resoltos os posibles recursos si os houbera, a xunta electoral no prazo máximo de dous días hábiles, procederase á proclamación definitiva de candidatos.

Artigo 21. Das candidaturas á presidencia da federación galega.

1. Poderá presentar candidatura á presidencia da federación galega de Tenis aquelas persoas que reúnan os requisitos establecidos no artigo 7.

2. O prazo para presentar as candidaturas é de cinco días hábiles, contados desde a proclamación definitiva de persoas membros da asemblea xeral. A presentación de candidaturas farase persoalmente, por correo certificado ou por calquera outro medio que acredite fidedignamente en dereito a dita solicitude, ante a xunta electoral.



3. As persoas candidatas á presidencia deberán presentar as súas candidaturas e deberán ir avaladas polo 10% dos membros da asemblea xeral. Un membro poderá avalar cantos candidatos considere oportunos.
4. A xunta electoral procederá a comprobar a validez dos avais presentados por cada persoa candidata e, a continuación proclamará as candidaturas que cumpran os requisitos para ser elixible.
5. Unha vez presentadas as candidaturas, a xunta electoral, no prazo de un día hábil, proclamará a lista provisional de persoas candidatas e farana pública no taboleiro de anuncios da federación e das delegacións provinciais, de ser o caso, e na páxina web na sección “PROCESO ELECTORAL 2026”
6. Poderán formularse reclamacións contra a lista provisional de persoas candidatas, no prazo de tres días hábiles, ante a xunta electoral, que disporá de idéntico prazo para resolver.
7. Contra a resolución da xunta electoral poderá interpoñerse, no prazo de tres días hábiles, recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva que deberá resolver no prazo de sete días hábiles.
8. A proclamación definitiva de persoas candidatas á presidencia efectuarase no prazo de tres días hábiles desde a resolución do recurso anterior.
9. A persoa que resulte elixida como presidente non poderá desempeñar ningunha outra actividade directiva ou de representación dentro da propia estrutura federativa e non se poderá simultanear a presidencia dunha entidade deportiva coa presidencia da federación deportiva na que se integre a dita entidade deportiva.

Artigo 22. Proclamación dos membros da asemblea xeral.

1. Unha vez realizado o escrutinio do voto por correo, este remitirase á xunta electoral que proclamará provisionalmente as persoas que formarán parte da asemblea xeral.. Se houbo empate entre diversos candidatos e non lle correspondese praza na asemblea a algún deles, e salvo que os interesados decidan entre sí, determinarase quen ou quenes ocuparán os postos correspondentes mediante sorteo realizado pola xunta electoral.



2. Contra o acordo de proclamación provisional efectuado pola xunta electoral, poderá presentarse recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva no prazo de tres días hábiles que deberá resolver nun prazo de sete días hábiles.
3. Finalizado o prazo para a interposición dos recursos ou, se é o caso, resoltos estes recursos administrativos, a proclamación de candidatos electos elevarase a definitiva.
4. As persoas candidatas que non resultaran electas conformarán unha listase ordenada de maior a menor número de votos por estamentos e cubrirán as vacantes que se produzan na asemblea xeral durante o mandato electoral.
5. No caso de renuncia ou vacante da metade mais un dos membros da asemblea xeral, constituirase unha comisión xestora conforme á composición establecida, que asumirá as funcións da asemblea xeral ata o remate do mandato electoral.

Capítulo VIII. Elección da presidencia e comisión delegada da federación.

Artigo 23. Constitución da asemblea xeral.

1. As persoas electas como membros da asemblea xeral tomarán posesión do seu cargo antes da súa sesión constitutiva, remitindo unha comunicación á Federación Galega de Tenis comunicando a Toma de Posesión como membro da Asemblea Xeral no prazo de cinco (5) días hábiles desde a súa proclamación definitiva, procedendo a Federación a levantar acta de cada unha delas. **A sesión constitutiva terá lugar o 06/11/2026 na Escola Galega de Administración Pública de Santiago de Compostela.**
2. A sesión constitutiva da asemblea xeral será presidida pola mesa que se constituía conforme ao disposto no artigo 9.III desde regulamento.

Artigo 24. Elección da presidencia da federación.

1. No día e hora fixados na convocatoria polo presidente da xunta electoral, constituirase a asemblea xeral en primeira ou segunda convocatoria tendo como únicos puntos da orde do día a elección á presidencia e a membros da comisión delegada.
2. O presidente da federación será elixido mediante sufraxio libre, directo, igual e secreto polos membros da asemblea xeral presentes no momento da elección.



3. O voto dos membros da asemblea xeral será único, non admitíndose o voto por correo nin a delegación de voto.
4. Comezada a sesión e constituída a mesa electoral, o presidente presentará os candidatos, iniciando, de seguido, o proceso de votación.
5. Os candidatos poderán expor os seus programas (se o estiman oportuno), procedéndose posteriormente á votación en urna para a elección do presidente, que será secreta.
6. No caso de que se presentase unha soa candidatura, non se efectuará votación.
7. Se non se presentase ningunha candidatura ou non fose válida ningunha das presentadas realizarase pola comisión xestora unha nova convocatoria da asemblea xeral nun prazo de sete (7) días hábiles.
8. Unha vez presentadas a totalidade das candidaturas iniciarase o proceso de votación.
9. Na primeira votación son elixibles todas as persoas candidatas da lista definitiva. Aquelas que obteñan un mínimo do 10 % dos votos das persoas membros presentes pasarán á seguinte votación. No suposto de que ningunha candidatura acade o 10 % dos votos das persoas membros presentes pasarán á seguinte votación aqueles dúas candidaturas que contén cun maior número de votos. No suposto en que soamente sexa unha candidatura a que obteña o 10 % dos votos das persoas membros presentes pasará tamén á seguinte votación a seguinte ou seguintes, en caso de empates, candidaturas en número de votos. Se algunha candidatura acada a maioría absoluta dos votos nesta primeira votación, será proclamada presidenta da federación.
10. Na segunda votación será elixida presidenta da federación a candidatura que nesta fase obteña a maioría absoluta dos votos.
11. No caso de que na votación anterior ningunha candidatura obteña a maioría absoluta dos votos emitidos, procederase a unha terceira nova votación entre as dúas candidaturas máis votadas na segunda votación, resultando elixida a que obteña maioría de votos emitidos. Para o caso de empate, resolverase a favor da candidatura que obtivera maior número de votos na segunda votación e, de persistir o empate, a candidatura que obtivera maior número de votos na primeira votación e no caso de persistir o empate, a favor da persoa candidata de maior idade.



12. Rematada a elección, a secretaría da mesa electoral levantará a acta correspondente, que se expoñerá ao día seguinte no taboleiro de anuncios da federación así como na páxina web da federación nunha sección denominada «elección 2026» xunto coa resolución da xunta electoral da proclamación provisional da persoa elixida presidenta da federación deportiva, ou na páxina web da Secretaría Xeral para o Deporte para o caso de federacións que non teñan páxina web. Contra a resolución da xunta electoral caberá interpoñer, no prazo de tres días hábiles, recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.

13. Finalizado o prazo de reclamacións, recursos e da súa resolución, a xunta electoral procederá á proclamación definitiva do cargo de presidente ou presidenta da federación.

14. Ao día seguinte da proclamación definitiva do cargo de presidente ou presidenta da federación, procederase á toma de posesión no seu cargo, da cal levantará acta a secretaría da xunta electoral. Unha copia desta acta será remitida á Secretaría Xeral para o Deporte no prazo de dous días hábiles.

Artigo 25. Elección de membros da comisión delegada.

1. Os membros da comisión delegada elíxense por e entre os membros da asemblea xeral, mediante sufraxio libre, igual, directo e secreto, podendo substituírse anualmente, polo mesmo procedemento, as vacantes que se produzan. O voto por correo non poderá utilizarse en ningún caso para a elección dos membros da comisión delegada.

2. A comisión delegada estará composta por 9 membros, máis a presidencia, que pertence a ela como membro nato, de acordo co seguinte detalle:

Un terzo da comisión delegada debe ser designado pola persoa titular da presidencia da federación.

- Un terzo debe corresponder ás entidades deportivas, elixíndose esta representación por e de entre elas.
- Un terzo corresponderá aos demais estamentos, en proporción á súa respectiva representación na asemblea xeral, 1 para persoas deportistas, 1 para técnicos/as e 1 para árbitros/as.

A representación máxima por provincia será de 3 membros, excluídos os estamentos de técnicos-adestradores e xuíces-árbitros.



No caso de que, unha vez elixida a comisión delegada, se produzan baixas ou vacantes entre os seus membros, estas substituiranse anualmente, por elección entre os grupos correspondentes..

3. Poderán ser candidatos a membro da comisión delegada os membros da asemblea xeral mediante escrito dirixido a xunta electoral, facendo constar a condición de membro da asemblea xeral e manifestando expresamente a vontade de se presentar como candidato a membro da comisión delegada, especificando o estamento polo que se presenta. O prazo será de cinco días hábiles dende a proclamación definitiva dos membros que compoñen a asemblea. Se no prazo establecido para presentar candidaturas se presentase un número inferior aos postos a elixir, ditos candidatos enténdense automaticamente elixidos sen votación e poderán presentarse no acto da asemblea xeral para cubrir as vacantes outros candidatos que serán sometidos a votación entre os restantes membros da asemblea. No caso de empate procederase a unha segunda votación entre os candidatos empatados, e se persiste o empate resolverase por sorteo.

4. O seu mandato coincidirá co da asemblea xeral. Será presidida polo presidente da federación como membro nato desta. Actuará como secretario da Comisión Delegada o da federación.

Capítulo IX. Da xornada electoral.

Artigo 26. Constitución da mesa electoral.

1. As persoas designadas como membros da mesa electoral para a votación a membros da asemblea xeral e os seus suplentes e da mesa electoral para a votación á presidencia de cada federación, reuniranse o día das votacións unha hora antes da apertura do colexio electoral e procederán á constitución de dita mesa.

2. Se a presidencia ou os vogais non acoden serán substituídos polos seus suplentes.

3. En ningún caso se poderá constituír a mesa electoral sen a presenza da persoa presidenta e persoa secretaria da mesa.

4. No caso de ausencia da persoa presidenta e persoa secretaria, os membros da mesa presentes e os suplentes que acudan redactarán e asinarán unha declaración dos feitos acontecidos, e asumirán a función de presidencia ou secretaria, completando a mesa, total ou parcialmente, no seu caso, coas persoas electoras que estean presentes no local.



5. Transcorrida media hora desde a constitución da mesa electoral, a secretaria redactará a acta de constitución, que será asinada pola presidencia e os vogais.

6. A mesa electoral deberá dispoñer dun censo electoral definitivo para cada un dos membros da mesa.

Artigo 27. Das votacións.

1. Constituída a mesa electoral e na hora prevista a presidencia da mesa electoral anunciará publicamente o inicio das votacións.

2. Unha vez iniciado o acto de votación non se poderá suspender, agás causa de forza maior e sempre baixo a responsabilidade da presidencia da mesa electoral. No caso de suspensión, levantarase a correspondente acta, que será remitida no prazo das vinte e catro horas seguintes á xunta electoral, a fin de que se sinale a data en que se repetirá o acto de votación.

3. O dereito a votar será acreditado no censo electoral, pola inscrición da persoa electora no censo electoral.

4. A secretaria da mesa electoral anotará as persoas que voten, con indicación do número co cal figure no censo, así como o seu DNI, pasaporte ou carné de conducir xunto coa representación con que exerce o seu dereito a voto, se se trata dunha persoa xurídica.

5. O voto será secreto e as persoas electoras depositarán o seu voto na urna correspondente mediante unha papeleta introducida nun sobre.

6. A presidencia da mesa electoral será encargada de velar para que a entrada ao local das votacións sexa libre, de manter a orde nel durante a votación e escrutinio e de asegurar a liberdade das persoas electoras no colexio electoral.

7. A presidencia da mesa electoral, logo de consulta co resto das compoñentes da mesa, poderá expulsar do colexio electoral a calquera persoa que interfira a boa marcha das votacións.

8. Rematado o período sinalado para a votación, o presidente da mesa electoral anunciará que vai rematar e preguntará se algún dos electores presentes non votou, admitíndose os votos que se dean a continuación e non se permitirá a ninguén máis a entrada no local.



9. Acto seguido, votarán as persoas membros da mesa, sempre que teñan dereito, e declararase pechada a votación.

10. No caso de rematar o exercicio do voto da totalidade das persoas electoras que figuren no censo, a presidencia da mesa electoral dará por finalizada a xornada electoral e poderá iniciar o proceso de escrutinio de votos.

Artigo 28. Escrutinio.

1. Declarada pechada a votación comezará inmediatamente o escrutinio, función que corresponde exclusivamente á mesa electoral.

2. A presidencia procederá ao escrutinio das papeletas en voz alta, unha a unha, exhibindo cada papeleta ás persoas presentes e anotándose o voto correspondente a cada persoa candidata.

3. Concluído o escrutinio, que non poderá ser interrompido, estenderase a oportuna acta asinada por todos os compoñentes da mesa electoral.

4. Son nulos os votos emitidos en papeleta ou sobre de modelos distintos dos facilitados pola xunta electoral; as papeletas que teñan riscadas; os votos en que por calquera razón, non se poida determinar inequivocamente a candidatura elixida: aqueles votos en que se marquen máis nomes dos establecidos no regulamento electoral para cada estamento ou inclúan o nome de persoas non candidatas. No caso de conter máis de unha papeleta coas mesmas candidaturas marcadas, computarase como un só voto válido, para este caso se as candidaturas marcadas son diferentes deberá computarse como voto nulo. As papeletas deberán conservarse para o caso de que se faga algunha reclamación sobre elas.

5. Consideraranse votos en branco aqueles sobres que non conteñan ningunha papeleta e aqueles sobres que conteñan papeletas que non presenten ningunha marca.

6. Feito o recuento de votos segundo as operacións anteriores, que exerza a presidencia preguntará se hai algunha protesta que facer contra o escrutinio. Se non se formulan, ou despois de resoltas pola maioría da mesa, a presidencia anunciará en voz alta o resultado, especificando o número de votantes, de votos válidos, nulos, votos en branco e de votos obtidos por cada candidatura.



7. Concluídas as operacións, os membros da mesa asinarán a acta da sesión, na que figuraran, obrigatoriamente, os seguintes datos:

- a) Número de persoas electoras inscritos no censo de voto por correo.
- b) Número de votos emitidos.
- c) Votos declarados nulos, en branco e válidos.
- d) Número de votos válidos obtidos por cada persoa candidata.
- e) Observacións presentadas ante a mesa electoral sobre a votación e o escrutinio polas persoas candidatas ou interventoras.
- f) Resolucións motivadas da mesa electoral sobre as observacións presentadas e votos particulares.

8. As actas correspondentes aos resultados das votacións e o censo electoral no que conste os electores que exerceron o seu dereito a voto por correo, serán remitidas pola secretaria á xunta electoral e á Secretaría Xeral para o Deporte antes das 16:00 horas do día primeiro día hábil seguinte ao da votación.

9. As actas de escrutinio serán expostas no taboleiro de anuncios da federación así como na paxina web da federación na sección «procesos electorais », desde o día seguinte das votacións e durante dous días hábiles.

Artigo 29. Documentación electoral.

1. A mesa electoral preparará a documentación electoral que distribuirá en dous sobres.
2. O primeiro sobre conterá o expediente electoral, composto polos seguintes documentos:
 - a) Orixinal da acta de constitución da mesa electoral.
 - b) Lista do censo electoral de voto por correspondencia.
 - c) Lista numerada das persoas votantes e das papeletas ás cales se lles negase validez ou fosen obxecto dalgunha reclamación.



d) Acta de escrutinio.

3. O segundo sobre conterà copia da documentación anteriormente citada.

4. Unha vez pechados os sobres, a presidencia e os vogais asinaranos por riba das lapelas que os pechan e serán remitidos, dentro das vinte e catro horas seguintes, á xunta electoral, e a Secretaria Xeral para o Deporte.

Artigo 30. Do voto por correo.

- Exercicio do voto por correo

1. O voto presencial prevalecerá sobre o emitido por correo no caso de concorrencia de ambos.
2. As persoas electoras poderán exercer o seu dereito de voto por correo de acordo co seguinte procedemento:

a) As solicitudes de voto por correo poderán presentarse a partir do día seguinte ao da convocatoria das eleccións e ata cinco días hábiles despois da publicación do censo definitivo. Presentarase preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, dirixida ao órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte, conforme ao modelo do anexo II (código do procedemento DE200A).

A presentación electrónica será obrigatoria para as entidades deportivas e outras persoas electoras que estean obrigadas a relacionarse electronicamente coa Administración. De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, se algunha das persoas interesadas obrigadas á presentación electrónica presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

No caso das persoas xurídicas deberá solicitar o voto por correo a persoa que apareza no censo como representante.



As persoas interesadas que non estean obrigadas á presentación electrónica das solicitudes, opcionalmente poderán presentalas nos servizos provinciais do órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte ou en calquera dos lugares e rexistros previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

b) Recibida a solicitude, a Administración deportiva comprobará a inscrición da persoa solicitante no censo electoral, e enviaralle por correo certificado os sobres electorais e as papeletas de todas as candidaturas, así como a documentación necesaria, ao domicilio indicado na súa solicitude ou, na súa falta, ao que figure no censo.

c) A persoa electora introducirá a papeleta no sobre de votación do estamento e, se é o caso, especialidade deportiva e circunscrición á que pertenza. Posteriormente, este sobre introducirase dentro do que vai dirixido á mesa electoral do voto por correo, xunto coa fotocopia do DNI ou documento identificativo equivalente.

d) O envío deberá realizarse, nalgunha das oficinas de Correos, antes do sexto día hábil previo á data de celebración das eleccións, e deberá dirixirse ao enderezo do órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte, que custodiará a documentación ata o día da votación.

3. O prazo límite para recibir os votos por correo finalizará vinte e catro horas antes das votacións presenciais.

4. O sobre que remitirá á Secretaría Xeral para o Deporte para a súa custodia, por correo, consignándose no anverso e reverso do mesmo os datos recollidos no anexo I deste regulamento.

- Escrutinio do voto por correo.

1. Constituída a mesa electoral de voto por correo, a presidencia procederá ao desprecintaxe das sacas e comprobarase a correspondencia entre os sobres e o censo electoral. Non se admitirán os sobres e votos daquelas persoas electoras que consten no censo electoral que votaron de forma presencial.

2. Unha vez comprobado, as persoas membros da mesa abrirán o sobre principal e clasificarán os sobres por estamentos e circunscricións; de seguido a presidencia introduciráos na urna correspondente.



3. Unha vez finalizada a introdución dos sobres nas urnas, comezará inmediatamente o escrutinio, función que corresponde exclusivamente á mesa electoral.
4. A presidencia procederá ao escrutinio das papeletas en voz alta, unha a unha, exhibindo cada papeleta ás persoas presentes e anotándose o voto correspondente a cada persoa candidata.
5. Concluído o escrutinio, que non poderá ser interrompido, redactarase a oportuna acta asinada por todas as persoas que compoñen a mesa electoral.
6. Son nulos os votos emitidos en papeleta ou sobre de modelos distintos dos facilitados pola xunta electoral; as papeletas que teñan riscadas; os votos en que, por calquera razón, non se poida determinar inequivocamente a candidatura elixida; aqueles votos en que se marquen máis nomes dos establecidos no regulamento electoral para cada estamento ou inclúan o nome de persoas non candidatas. No caso de conter máis dunha papeleta coas mesmas candidaturas marcadas, computarase como un só voto válido, para este caso se as candidaturas marcadas son diferentes deberá computarse como voto nulo. As papeletas deberán conservarse para o caso de que se faga algunha reclamación sobre elas.
7. Consideraranse votos en branco aqueles sobres que non conteñan ningunha papeleta e aqueles sobres que conteñan papeletas que non presenten ningunha marca.
8. Feito o reconto de votos segundo as operacións anteriores, quen exerza a presidencia preguntará se hai algunha protesta que facer contra o escrutinio. Se non se formulan, ou despois de resoltas pola maioría da mesa, a presidencia anunciará en voz alta o resultado, especificando o número de votantes, o de votos válidos, nulos, de votos en branco e de votos obtidos por cada candidatura.
9. Concluídas as operacións, as persoas compoñentes da mesa asinarán a acta da sesión, na cal figurarán, obrigatoriamente, os seguintes datos:
 - a) Número de persoas electoras ás que se admitiu e notificou o seu dereito a exercer o voto por correo.
 - b) Número de votos emitidos.
 - c) Votos declarados nulos, en branco e válidos.
 - d) Número de votos válidos obtidos por cada persoa candidata.



e) Observacións presentadas ante a mesa electoral sobre a votación e o escrutinio polas persoas candidatas ou interventoras.

f) Resolucións motivadas da mesa electoral sobre as observacións presentadas e votos particulares.

10. As actas correspondentes aos resultados das votacións e o censo electoral en que consten os electores que exerceron o seu dereito a voto por correo, serán remitidas pola secretaría á xunta electoral e á Secretaría Xeral para o Deporte antes da 16.00 horas do primeiro día hábil seguinte ao da votación.

11. As actas de escrutinio serán expostas no taboleiro de anuncios da federación así como na paxina web da federación nunha sección denominada «procesos electorais», ou na páxina do órgano superior competente da Administración autonómica en materia de deporte para o caso de federacións que non dispoñan de web, desde o día seguinte das votacións e durante dous días hábiles.

- Documentación electoral.

1. A mesa electoral preparará a documentación electoral que distribuirá en dous sobres.

2. O primeiro sobre conterá o expediente electoral, composto polos seguintes documentos:

a) Orixinal da acta de constitución da mesa electoral.

b) Lista do censo electoral de voto por correspondencia.

c) Lista numerada das persoas votantes e das papeletas ás cales se lles negase validez ou fosen obxecto dalgunha reclamación.

d) Acta de escrutinio.

3. O segundo sobre conterá copia da documentación anteriormente citada.

4. Unha vez pechados os sobres, a presidencia e os vogais asinaranos por riba das lapelas que os pechan e serán remitidos, dentro das vinte e catro horas seguintes, á xunta electoral, e a Secretaria Xeral para o Deporte.



Capítulo X. Da moción de censura.

Artigo 31. Moción de censura.

A presentación dunha moción de censura contra a persoa presidenta da Federación Galega de Tennis axustarase ós seguintes criterios:

- a) Non poderá presentarse durante os seis primeiros meses de mandato, nin cando resten entre seis meses e un ano ata a data a partir da cal poida realizarse a convocatoria de eleccións, circunstancia a determinar polas normas da federación.
- b) A moción de censura deberá ser proposta e presentada, polo menos, pola terceira parte dos membros da asemblea xeral e incluírá necesariamente unha persoa candidata á presidencia da federación.
- c) A presentación da moción de censura dirixirase á xunta electoral da federación, que deberá resolver o que proceda no prazo de dous días hábiles.
- d) Cando se acorde a admisión a trámite da moción de censura, a presidencia da federación deberá convocar a asemblea xeral nun prazo non superior a corenta e oito horas, a contar desde que lle sexa notificada a admisión. A asemblea xeral que debata sobre a moción de censura deberá celebrarse nun prazo non inferior a quince días nin superior a trinta días, a contar desde que fora convocada.
- e) Unha vez convocada a asemblea extraordinaria para o debate e votación da moción de censura, e dentro dos dez primeiros días seguintes a esa convocatoria, poderán presentarse mocións alternativas. En ningún caso a moción de censura alternativa poderá ser subscrita por quen promovera a inicial.
- f) A votación, que deberá ser secreta, seguirá o mesmo sistema que o previsto para a elección da presidencia. Para que a moción de censura prospere e cese de forma automática a persoa que ocupa a presidencia, se requirira que, sometida a votación, sexa aprobada pola maioría absoluta dos membros da asemblea xeral.

Se a moción fora aprobada, a persoa candidata que resulte elixida permanecerá no cargo polo tempo que restase ata a finalización do período de mandato da anterior presidencia.



- g) Se a moción fora rexeitada pola asemblea xeral, as persoas signatarias non poderán presentar outra ata transcorrido un ano, a contar desde o día da súa votación e rexeitamento.
- h) Informarase a través da páxina web da federación da presentación da moción de censura e da data da convocatoria da asemblea xeral, así como do resultado.
- i) As decisións que adopten os órganos federativos en relación coa presentación, admisión, tramitación e votación da moción de censura, ou mocións alternativas, poderán recorrerse ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva no prazo de cinco días hábiles.

Capítulo XI. Do réxime de reclamacións e recursos.

Artigo 32. Reclamacións ante a xunta electoral.

1. O coñecemento de todas as reclamacións que se poidan formular na materia electoral corresponde á xunta electoral, e serán todas as súas resolucións impugnables ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.
2. Están lexitimadas para interpoñer estas reclamacións as persoas representantes das candidaturas ou as persoas ou entidades debidamente afectadas polos acordos da xunta electoral.
3. As reclamacións ante a xunta electoral serán presentados persoalmente ou por calquera medio (correo electrónico, burofax, correo certificado, telegrama,...) que acredite fidedignamente en dereito a presentación do escrito na sede federativa. O escrito dirixido á presidencia da xunta electoral e nas reclamacións á xunta electoral deberá constar o enderezo de correo electrónico a efectos das notificacións das resolucións das reclamacións.
4. Os prazos para a presentación destes recursos, así como os recurso contra as resolucións da xunta electoral serán os fixados neste regulamento electoral, e respectaranse en todo caso os establecidos no Decreto que regula este proceso electoral si se estableceran outros distintos.

Artigo 33. Recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.

De acordo co disposto no artigo 88 da Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia, correspóndelle ao Comité Galego de Xustiza Deportiva o coñecemento e a resolución dos recursos que neste proceso electoral adopte a federación, podendo adoptar, no ámbito das súas competencias, as medidas necesarias para garantir a legalidade do proceso electoral.



1. Contra os acordos e resolucións da xunta electoral procederá recurso electoral ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva, poñendo fin, as resolucións deste, á vía administrativa.
2. Están lexitimados para interpoñer o recurso quen fose parte na impugnación ante a xunta electoral federativa ou as persoas interesadas directamente polo seu acordo ou resolución.
3. Os prazos de imposición do recurso electoral ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva será de tres días hábiles contados dende o seguinte ao da notificación da resolución ou acordo obxecto de recurso ou, se fora o caso, dende o momento en que se produza a desestimación tácita da reclamación electoral presentada.
4. O escrito de interposición do recurso deberá expresar:
 - a) O nome, DNI ou NIE, enderezo electrónico e domicilio da persoa física . Denominación, CIF, enderezo electrónico, a efectos das notificacións das resolucións das reclamacións, e enderezo social da persoa xurídica.
 - b) Se é o caso, o nome, DNI e enderezo do representante do interesado, podendo acreditar a súa representación, ademais de polos medios legais procedentes, a través de comparecencia ante a Secretaría do Comité Galego de Xustiza Deportiva.
 - c) A lexitimación para interpoñer o recurso.
 - d) O acto contra o que se recorre e a razón da súa impugnación.
 - e) As consideracións de feito e de dereito en que se baseen as súas pretensións, así como as propostas de proba que ofrezan en relación con aquelas.
 - f) As pretensións que deduzan de tales consideracións.
 - g) Lugar, data e sinatura.
5. O Comité Galego de Xustiza Deportiva será competente para coñecer, en última instancia administrativa, dos recursos interpostos contra:
 - a) O acordo de convocatoria das eleccións, así como contra o calendario electoral e fronte a composición da Xunta electoral.
 - b) As resolucións que se adopten en relación co censo electoral provisional e definitivo.



c) As resolucións adoptadas durante o proceso electoral pola comisión xestora e a xunta electoral da federación en relación co proceso electoral e as restantes cuestións previstas na norma que regula este proceso electoral.

Artigo 34. Interposición dos recursos.

Os recursos dirixidos ao Comité Galego de Xustiza Deportiva deberán presentarse nos órganos federativos ou xuntas electorais que, se é o caso, adoptasen as actuacións, acordos ou resolucións que se pretenden impugnar. A xunta electoral remitirá no mesmo día o seguinte á presentación, por correo electrónico ao enderezo [eleccionesfederaciones2026.deporte.@xunta.gal](mailto:eleccionesfederaciones2026.deporte@xunta.gal), o recurso co expediente completo e o seu informe. Transcorrido o prazo correspondente sen que se interpoña o recurso, os acordos ou resolucións serán firmes.

Artigo 35. Tramitación dos recursos.

Á tramitación dos recursos atribuídos ao coñecemento do Comité Galego de Xustiza Deportiva aplicaráselle a lexislación sobre procedemento administrativo común e o Decreto 120/2013, do 24 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Comité Galego de Xustiza Deportiva, agás os prazos dos distintos trámites que se axustarán ao disposto no presente decreto e aos acordos do Comité Galego de Xustiza Deportiva.



ANEXO I.

Modelo de sobres de votación e papeletas.

a) Sobre de votación. (Sobre 1)

ELECCIONS A ASEMBLEA XERAL DA FEDERACION GALEGA.....

ESTAMENTO DE.....

ESPECIALIDADE DE (se é o caso).....

C+«C«SC«CIÓN.....

Mesa electoral.....

Indíquese, cando corresponda, se a persoa electora está incluída nalgún dos seguintes supostos:

ri Estamento de deportista: deportista cualificado como deportista (galego/estatal) de alto nivel.

b) Sobre para a remisión do voto por correo deberá conter os seguintes datos. (Sobre 2)

O sobre para a remisión do voto por correo deberá conter os seguintes datos:

No anverso, parte superior esquerda:

“ELECCIÓN Á ASEMBLEA XERAL DA FEDERACIÓN GALEGA DE TF.INIS”

SOBRE DE REMISIÓN DO VOTO POR CORREO

CERTIFICADO

Empregado/a de Correos:

Valide a identidade da persoa electora por medio de DNI, Pasaporte ou outro documento acreditativo da identidade.

Inclúase no presente sobre:

-Sobre de votación pechado

-Certificado orixinal autorizando o voto por correo, previa estampación do selo de datas.

Estampe o selo de datas no anverso desde sobre

No **ANVERSO**, parte inferior dereita, deberá figurar o destinatario cos seguintes datos:

“SECRETARIA XERA PARA O DEPORTE”

APARTADO DE CORREOS 2249

CÓDIGO POSTAL 15.704

Santiago de Compostela, Sucursal 2



No ANVERSO, na parte superior dereita do anverso deberá figurar unha casilla que indique:
 “Franqueo Pagado”, Número de cliente: 81024374 e número de contrato: 15000238, así como o escudo da federación galega de tenis.

No REVERSO deberá constar:

Nome/Nome do club (segundo proceda): Apelidos/código de inscrición no rexistro de SXD:

Estamento de Circunscrición:

Especialidade de (no seu caso)

Deportista de alto nivel (no seu caso).....

b) Papeleta de votación

VOTACION PARA A ELECCION DAS PERSOAS REPRESENTANTES NA ASEMBLEA XERAL DA FEDERACION GALEGA DE

Especialidade (no seu caso):

Circunscrición:.....

Estamento:

Dou o meu voto as seguintes candidaturas:

- | | | |
|-----|-------|---------|
| 1. | | 26..... |
| 2. | | 27..... |
| 3. | | 28..... |
| 4. | | 29..... |
| 5. | | 30..... |
| 6. | | 31..... |
| 7. | | 32..... |
| 8. | | 33..... |
| 9. | | 34..... |
| 10. | | 35..... |
| 11. | | 36..... |
| 12. | | 37..... |
| 13. | | 38..... |
| 14. | | 39..... |
| 15. | | 40..... |
| 16. | | 41..... |
| 17. | | 42..... |
| 18. | | 43..... |
| 19. | | 44..... |
| 20. | | 45..... |
| 21. | | 46..... |
| 22. | | 47..... |
| 23. | | 48..... |
| 24. | | 49..... |
| 25. | | 50..... |

A persoa electora poderá marcar na súa papeleta ata unha persoa candidata mais das que lles corresponde elixir ao estamento e/ou especialidade e/ou circunscrición electoral á que pertence.

ANEXO II

FORMULARIO DE SOLICITUDE DE VOTO POR CORRESPONDENCIA “DE200A”

Este formulario atópase como Anexo II no “DECRETO 171/2021, do 23 de decembro, polo que se modifica o Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a celebración dos

procesos electorais nas federacións deportivas galegas, incluído. “publicado do
 29 de decembro de 2021; páx 64470-64471.)



procesos electorais nas federacións deportivas galegas, incluído " publicado no DOG nº. 249 do 29 de decembro de 2021; páx 64470-64471.)

Diario Oficial de Galicia

DOG NGm.249

M5:c0es, 29 de decembro de 1021

Páx. 64470

XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
 Secretaría Xeral para o Deporte

ANEXO II

VOTO POR CORRESPONDENCIA Á MEMBRADA ASEMBLEA XERAL. PROCESOS ELECTORAIS DAS FEDERACIÓNS DEPORTIVAS GALEGAS

NUM. DE PARTICIP. DE 200A SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME/RAZÓN SOCIAL PRIMEIRO APELLIDO SEGUNDO APELLIDO I/F

LUGAR

LLD LOCALIDADE

PÓBLIC

É, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL PRIMEIRO APELLIDO SEGUNDO APELLIDO I/F

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Enviarante avízo da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:

TELÉFONO MÓBIL CORREO ELECTRÓNICO

ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE

As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, polo medio electrónico, sen que sexa válida para esas razóns efectos unha opción diferente.

Electrónica, a través do sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal <https://notifica.xunta.gal>

Só se poderá aceptar á notificación os datos facilitados en CHAVESES.

Postal (código e enderezo postal só se é válido do indicado anteriormente).

TIPO NOME DA VÍA NÚM. ELCO. ANDAR PORTA

PARROQUIA LUGAR

CÓDIGO POSTAL PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. O exercicio do seu voto por correspondencia á membrada da asemblea xeral polo ESTABALEC (marque unha opción):

Clubs

Deportistas

Técnicos

Xuíces ou árbitros

Outros colectivos previstos nos estatutos federativos (especificar):

2. O exercicio do seu voto por correspondencia á membrada da asemblea xeral na F. Federativa Galega pola ESPERTEI MANE DEPORTIVA de:

3. Que todos os datos consignados nesta solicitude e no 4.º apartado que se registrará na plataforma son certos.





ANEXO II

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

DNI ou NIE da persoa solicitante

DNI ou NIE da persoa representante

Datos incluídos no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia previsto na Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, e regulado conforme o Decreto 85/2014, do 3 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.

CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS

A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente

NIF da entidade solicitante

NIF da entidade representante

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

| | |
|--|---|
| Identificación do tratamento | Xunta de Galicia, Presidencia da Xunta de Galicia-Secretaría Xeral para o Deporte |
| Finalidades do tratamento | Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achega na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúense na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo. |
| Legitimación para o tratamento | O encargado trata duns datos en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando correspondo. |
| Destinatarios dos datos | As administracións públicas, no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma íntegra á información relativa a unha materia. |
| Exercicio de dereitos | As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos |
| Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis | https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos |

LEGISLACIÓN APLICABLE

Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas.

Decreto 171/2021, do 23 de decembro, polo que se modifica o Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

____ de ____ de ____